

Espazo de
dinamización
empresarial
no Porriño



Páxina VI

Salceda estuda
solicitar a
declaración de
"zona
catastrófica"



Páxina IX

40.000 turistas
visitaron Tui
en 2022



Páxina XI

Proxecto de
sostibilidade
turística na
Guarda recibe un
millón de euros



Páxina XII

Un "histórico"
2022 para os
Castelos de
Sobroso e
Soutomaior



Páxina XVI



A Cañiza e Cuntis ampliarán o parque industrial da Zona Franca

Páxina XVI

Entrevista



Xerardo Feijóo | Ponte...nas Ondas!

"Con 'Marga' como ministra de Cultura agardamos ter un maior contacto con Brasil"

Páxina IV

CASA CON NÓS

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

DESAYUNOS TAPAS VARIADAS PLATOS PASTAS
CARNES PESCADOS BOCADILLOS HAMBURGUESAS
MENÚ DEL DÍA Y A LA CARTA OPCIONES VEGANAS Y SIN GLUTEN

GaliBar
COFFEE & RESTAURANT
DRINK & FOOD

@ GALIBAR CENTRO
Manuel Rodríguez, 13
986 138 441
O PORRIÑO

@ GALIBAR LOURAMBAL
Ctra. Relva, 28
678 077 180
TORNEIROS


OPINIÓN

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Un pacto nacional polo galego

A recente enquisa do servizo estatal de estatística a respecto do uso da nosa lingua no noso País (que reflicte que o castelán é xa máis usado de cote e que case o 30% das persoas de menos de 20 anos non entenden ou teñen unha comprensión cativa do galego) constata unha realidade que evolúe de xeito unidireccional nos últimos trinta anos no sentido da ruptura da cadea de transmisión lingüística de pais e nais a fill@s. Mais este proceso agravouse de xeito moi substancial nos últimos doce anos, dende a contrareforma educativa do goberno do PPD e Núñez Feijóo (2010) que impediu de feito o uso do galego como lingua vehicular para a educación infantil e para o ensino das matemáticas, física, química e bioloxía. En realidade estes doce anos agromaron un fenómeno que antes non existía, que é o feito de que xeracións su-



postamente educadas en galego non o usen e mesmo teñan problemas para a súa comprensión a xeito.

A meirande parte dos expertos consideran que hai solucións para o galego, mais estas pasa por unha mudanza radical nas políticas de promoción e tamén na legalidade vixente. Malia a eiva constitucional que

impide a igualdade xurídica entre galego e castelán existe unha ampla marxe normativa para que o Dereito galego realmente protexa a nosa lingua. Cómpre un grande pacto social e político que aprobe unha nova Lei de Normalización Lingüística para os vindeiros 25-30 anos, desbotando o supremacismo extremista de Vox e Hablamos Gallego.

Na situación actual do galego a medida máis urxente é a implantación dun sistema de inmersión lingüística no ensino obrigatorio que garanta o uso do galego como lingua vehicular nun mínimo dos dous terzos do tempo de docencia, incluíndo nel o da docencia do portugués como elemento de conexión utilitaria co mundo da lusofonía. Nas escolas infantís a lingua vehicular habería ser o galego, complementada coa introdución tamén de contidos en castelán e inglés. Esencial neste eido sería que a CRTVG e a Xunta garantan recursos didácticos e contidos

audiovisuais en galego para as crianzas e adolescentes.

No que atinxe ás Administracións Públicas cómpre garantir o uso cotián do galego perante calquera instancia xudicial e administrativa e calquera persoa na Galicia, agás exercicio expreso do dereito de opción lingüística por parte da persoa administrada. A opción de uso do galego habería ser sempre a activada por defecto e os contratistas e concesionarios de obras e servizos públicos haberían garantir os mesmos dereitos ca as Administracións contratantes.

A empresa e a Administración de Xustiza, como ámbitos menos galeguizados, requirirían normativa adicional á actual e máis códigos de boas prácticas para garantir o dereito dos traballadores, xusticiábeis, usuarios e consumidores a vivirmos en galego en toda circunstancia, que hoxendía non podemos exercitar.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Prognósticos

Os prognósticos non auguran nada bo, certamente son malos no comezo deste novo ano. As crises avanzan en todas as fronteas e por iso non podemos estar quedos e atados á debilidadade que nos caracteriza. Sabemos que temos unha necesidade de globalizar beneficios do coñecemento e desde ela, saber que nos falla o sistema público e político porque non resolve problemas e parece incapaz de reducir o malgasto ou rebaixar a corrupción. A súa mala xestión -da clase política- trae desigualdades e fame. Non podemos aceptar que a ciencia



e a civilización, mesmo a tecnoloxía, sexan logros sen peso notable para interceptar abusos. A intelixencia ten que ter peso e ser quen de arredar signos que inmovilizan e entorpecen a xestión de xustiza social e dereitos, o ben común. Eses signos fanse privativos e céntranse nos mercados e valores, aínda sen se saber integrados nun acordo xeral de ideario básico e común onde reparar os erros ou desastres cometidos, por exemplo o holocausto climático que nos ameaza xa con guetos e que, novamente, amosa a crúa realidade insolidaria e maligna. Non podemos vivir neste mundo exhausto en loitas continuas, neste repertorio de mala educación e violencia que mesmo nos avergoña na distancia. Debemos regresar ao

sentir maioritario, nunha distribución para todos, onde venza o común antes que o espectáculo ou insulto, que non funcionan no efectivo nin no afectivo. Volver á axuda, á partición xusta sen abusos, á intelixencia e entendemento antes que cuantificar economicamente, sobre todo que a industria non nos confunda. Os límites do porvir son os que hoxe establezan os poderes, volátiles e deixados a intereses pecuniarios. Cómpre un desenvolvemento capaz e sostible, respectuoso co medio e útil, de servizo nesa cautela que nos permita garantir futuro.



Máis información na nosa web
www.novasdоеixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdоеixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdоеixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdоеixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXOATLÁNTICO
 XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

■ **Por Francisco José Peña Castiñeira.**

¡Nunca deixes de ser digno de ser!

Os valores son a esencia do ser humano, sendo a dignidade un valor único moi recoñecible, o que supón o respecto e a estima que todos os seres humanos merecen (nace-mos libres e iguais en dignidade e dereitos), ven a ser a actitude correcta e o comportamento exemplar do ser humano ao longo da vida, estando suxeitos a normas de comportamento que rexen calquera acción de cada un de nós, iso ten un impacto na sociedade e sobre a vida dos demais. Os principios éticos están ligados a cuestións que afectan ao comportamento humano como son a autenticidade e a coherencia, que nestes tempos destacan pola súa ausencia, na que se predica unha cousa e se practica a contraria. O máis preocupante é que os que lideran a sociedade e ocupan cargos relevantes sexan os primeiros na práctica do dobre estándar, o seu discurso e a súa forma de actuar entran en pura contradición. Cantos máis privilexios teñas, máis

exemplar debes mostrar, estás máis esixido e obrigado a devolver á sociedade o que recibes.

A mellor referencia moral é unha conciencia tranquila, obedecer á nosa conciencia e ser coherentes coas nosas ideas e principios. No transcurso das nosas vidas, eleximos un camiño crendo que é correcto, aínda que sabemos de antemán que non sempre nos traerá a felicidade, pero permitíranos sentirnos ben e ser dignos de nós mesmos. A ética ten unha importancia crucial nas nosas vidas, forzándonos como persoas, axúdanos no noso camiño correctamente a través da vida e fai que as nosas obras trascendan o tempo e deixen pegada.

A crisis actual ten que facernos cuestionar o modelo de vida que predomina nesta sociedade consumista de ambicións excesivas, no que todo vale para conseguir poder e diñeiro. É preciso alzar a voz na búsqueda dunha sociedade no que emerxen os valores que magnifican ao ser humano:

honestidade, ética, lealtade, esforzo e o traballo ben feito na búsqueda da excelencia; só a partir destes principios e valores se pode construír unha sociedade solidaria, xusta e igualitaria. A mentira, a hipocresía, a soberbia, a deslealtade, a traición, a tiranía, a corrupción, son as peores miserias do ser humano, contraste coa bondade de corazón, a humildade, o amor ao mundo que leva consigo facer o ben aos demais, o que che fai sentir mellor como persoa, porque todo o que fas dá sentido á túa vida.

A dignidade non ten prezo, é o único que o ser humano nunca pode perder, nin para nada nin para ninguén. O ser humano perde a súa dignidade cando se deixa manipular por outra persoa ou permítete ser humillado ou consentir que o fagan a outra persoa ou cometer actos indignos, é entón cando se queda sen o seu principal escudo protector: a dignidade. A dignidade humana, da man do poder da intelixencia e da grandeza da liberdade, teñen que levarnos a poder construír un mundo novo, onde prevalece a paz, a concordia e a igualdade de todos os seres humanos nos pobos do mundo.

Nunha sociedade libre e democrática, a dignidade é un dereito do individuo que lle ten que servir para protexer a súa integridade como persoa, priorizando aos máis necesitados e aos excluídos.

Unha persoa íntegra e auténtica, firme nas súas conviccións, poderá afrontar con dignidade situacións moi dolorosas e inxustas que ocorren ao longo da vida. Tes que afastarte de persoas tóxicas e rodearse de xente íntegra que teña boas intencións, que demostren ser honestos na súa amizade e facer ben á sociedade. Serán máis auténticas aquelas relacións humanas que se basean na dignidade. Comportarse con dignidade e manter unha conduta digna ao longo da vida é o mellor legado que podemos deixar á nosa familia e amigos. Orgulloso de ser o fillo predilecto de Ponteareas, e sobre todo orgulloso de ser un digno fillo da miña terra e levar o nome de Ponteareas con paixón polo mundo enteiro (onde estou eu está Ponteareas), ata o final dos meus días.



■ **Xosé González Martínez. Presidente Foro E. Peinador.**

Concellos e Xustiza

Afondar nos medios para acadar maiores cotas de normalización da lingua galega nas administracións públicas é unha práctica pouco común. As inercias funcionan de seu para mal. Beatriz Varela Morales, técnica do Departamento de Educación do Concello de Santiago, é unha excepción. Nese servizo municipal a meticulosidade é unha norma propia dos que saben que os dereitos humanos recoñecidos polos textos legais deben ter carácter expansivo e teren sede en todos os actos administrativos.

Beatriz Varela, vencellada de vello á Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, sabe que a mellor maneira para garantir os dereitos lingüísticos da xestión dun servizo público levado a cabo por unha empresa privada é explicitalos no prego de condicións. Tal é o caso do contrato para a xestión das escolas infantís municipais. As empresas que participan no concurso deberán incluír un proxecto lingüístico do centro “co máximo detalle sobre as directrices e estratexias que seguirán para asegurar a adquisición do galego por parte dos nenos

e nenas nun contexto de respecto que elimine os prexuízos negativos cara a lingua galega”. Para que esta esixencia se cumpra esíxeselle ás empresas que opten a xestionar este servizo a competencia lingüística e sociolingüística do persoal, incluír nos plans de formación contidos para a mellora da competencia e sobre recursos educativos en galego, extendendo a obriga ao uso da lingua galega no servizo de atención telefónica e as comunicacións oficiais internas que estean directamente relacionadas coa súa prestación. Desta maneira establécese unha clara congruencia coa lexislación vixente nesta materia.

Esta praxe do Departamento de Educación que se estende a todos os contratos que ali se xeran é consecuente co mandato legal que obriga ás corporacións locais a fomentar o uso da lingua galega en todas as súas actividades. O Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei de Normalización Lingüística dan cobertura legal a esa actividade normalizadora. Asemade a Xurisprudencia dictada polo Tribunal Constitucional é tamén moi precisa ao respecto: “unha lingua é oficial cando é recoñecida

polos poderes públicos como medio normal de comunicación en e entre eles e na súa relación cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos.” Porque a oficialidade dunha lingua implica en definitiva que nas relacións que manteña, por exemplo, coa Administración de Xustiza sexa utilizada cando é o interesado quen a elixe.

A maiores, o art. 7.2 da Lei de Normalización Lingüística de Galicia preceptúa que “a parte ou interesado terá dereito a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa”. Dereito que adoita pasar desapercibida e, sen embargo, de gran transcendencia para motivar unha contaminación lingüística positiva.

Para exercer estes dereitos as administracións teñen que ter persoal con competencia en materia lingüística e sociolingüística. Mais a realidade é ben distinta, porque a meirande parte dos servizos xurídicos non adoitan utilizar a lingua galega perante os órganos xurisdicionais. E por que non o fan? Porque nos pregos de condicións para a adxudicación deses servizos os técnicos municipais non inclúen, como fai o Departamento de Educación de concello santiagués, unha cláusula alusiva á obrigatoriedade do uso da lingua galega, e, ao

tempo, a demanda de solicitaren dos tribunais de xustiza que diten resolucións en galego. Se for así, unha boa porcentaxe dos 9.358 expedientes xudiciais do Contencioso-Administrativo, 145.175 da xurisdición Civil e 134.010 do Penal (datos extraídos da Memoria do ano 2021 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) nos que os concellos fosen parte, resolveríanse con sentenzas ditadas en lingua galega. E así como avanzaríamos galeguizando a Administración de Xustiza sempre tan remisa a facelo de oficio.

A Irmandade Xurídica Galega xunto coa Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia teñen convocados a todos os concellos da provincia a un acto sen precedentes que se celebrará o próximo día 14 coa finalidade de buscar solucións á problemática descrita, provocando un avance cualitativo e cuantitativo no galeguización dos usos xurídicos das administracións locais como xa o fan as respectivas asesorías dos concellos de Vigo e Pontevedra.

A galeguización, en xeral, precisa de dous grandes medios: a imaxinación e a pedagogía.



MISCELÁNEA

Xerardo Feijóo | Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas Ondas!

“Con 'Marga' como ministra de Cultura agardamos ter un maior contacto con Brasil”

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Con motivo da toma de posesión de Lula da Silva da presidencia en Brasil o pasado 1º de xaneiro, a cantante

Margareth Menezes (1962) converteuse na nova ministra de Cultura de Brasil. Unha figura relevante da música brasileira dende a década de 1980, “Marga”, como popularmente é


coñecida, colaborou no seu momento coa Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas Ondas! (PNO!) compoñendo a canción “Portugaliza”. Sobre este tema conversamos con Xerardo Feijóo, responsable de prensa de PNO!

Cal é a vosa avaliación sobre a designación da cantante Margareth Menezes como nova ministra de Cultura de Brasil? Que relación ten PNO! con ela?

Estamos encantados. Ela traballou connosco en 2010 participando no disco “Cores do Atlántico” con motivo do XV aniversario de PNO!. Nese momento, ela compuxo a canción “Portugaliza” exclusivamente para nós como parte do noso libro e documental “Na Ponte” que foi posteriormente



Margareth Menezes posa con Santiago Veloso (PNO!) durante a súa visita a Galicia en 2010.



distribuído de xeito gratuíto nas escolas. Nós tiñamos un contacto previo con ela grazas á cantante Uxía así como en Brasil a través dos músicos Gilberto Gil (que tamén foi ministro de Cultura entre 2003 e 2008) e Xico Peres, entre outros. En 2010, “Marga” participou na illa de San Simón no concerto en directo para o disco Cores do Atlántico.

Coa súa designación como ministra, podemos agardar unha

maior conexión cultural a nivel institucional entre Brasil, Galicia e o mundo lusófono?

Iso sería moi desexable. A nivel institucional sempre insistimos á Xunta de Galicia por unha maior conexión co mundo lusófono nos campos cultural, económico, etc. Queremos que esta relación se amplíe. Agardamos que agora, con “Marga” como ministra de Cultura, imos ter un contacto moito mais doado e fluído con Brasil.

2,5M € de fondos europeos para a transformación dixital

A Deputación de Pontevedra contará este 2023 con 2,5 millóns de euros para a transformación dixital administrativa en 47 dos 51 Concellos provinciais de menos de 20.000 habitantes, grazas aos fondos europeos Next GenerationEU e ao abeiro das subvencións para a transformación dixital e modernización das Entidades Locais do Plan de Recuperación.

A Xunta de Goberno da Deputación vén de aprobar unha prórroga do contrato coa empresa que xestiona o Servizo de Administración Electrónica para as entidades locais, que ofrece na actualidade a 54 concellos da provincia, seis entidades locais menores e catro mancomunidades e na que a entidade provincial investirá preto de 600.000 euros (578.000€).

Por outra banda, a Deputación


decidiu poñer en marcha en decembro de 2021 unha Oficina de Fondos Europeos, a través da cal xestionar os proxectos propios. Cun ano de funcionamento, a entidade provincial captou máis de 15,4 millóns de euros de fondos europeos para desenvolver 24 grandes proxectos, ten outros 26 presentados a diferentes convocatorias e 12 en vías de tramitación, elaboración e valoración.

400 novas entradas no Dicionario da RAG en 2022

O Dicionario da Real Academia Galega rematou o 2022 con case 35 millóns de consultas e a incorporación de preto de 400 cambios entre novas entradas, novas acepcións en lemas xa rexistrados e modificacións de redacción das definicións con én-

fase en asuntos de xénero, cambio climático, deporte, electrónico e enerxía.

O repertorio dispón dende a semana pasada dunha nova aplicación para dispositivos móbiles, para Android e iOS, que simplificará o acceso ás futuras actualizacións.



Ana Miranda participou no Congreso do Frente Polisario



A eurodeputada do BNG e vicepresidenta do Intergrupo do Sáhara Occidental da Eurocámara, Ana Miranda, participou no XVI Congreso do Frente Polisario na “Wilaya de Dajla”, os campamentos de refuxiados saharauís en Arxelia.

Tamén estivo presente a deputada Montse Prado, membro da Executiva Nacional do Bloque e integrante do Intergrupo do

Sáhara Occidental no Parlamento Galego. Miranda e Prado denunciaron o lobby marroquí ante as institucións europeas, “que agora sae á luz a raíz do Qatargate e o Morocccogate”.

Miranda considera fundamental a defensa da soberanía do Sáhara Occidental e do seu dereito a autodeterminación así como a recuperación do control sobre os propios recursos naturais.

O PORRIÑO

O Porriño fai balance do seu plan de igualdade

A concellería de Igualdade, que dirixe Carolina González, fixo balance do Plan de Actividades anual no marco da igualdade "real e efectiva", apostando "pola introdución transversal da perspectiva de xénero en todas as políticas municipais".

En 2002, o goberno municipal duplicou a inversión nesta área destinando máis de 40.000 euros. A conciliación e corresponsabilidade, a atención especializada e eficaz ás mulleres vítimas da violencia de xénero, a concienciación e sobre todo, a educación,



marcaron a folla de ruta en materia de igualdade no que participaron alumnados dos institutos,

Policía Local e a veciñanza a través de iniciativas como Escape Room e "Voces na rúa".

"Galegas Dixitais" formou a 45 porriñesas

Un total de 45 porriñesas participaron no programa de formación para a dixitalización das mulleres "Galegas Dixitais" na segunda quenda desta acción formativa entre novembro de 2022 e xaneiro de 2023.

A III edición deste programa dará comezo a finais de xaneiro ou principios de febreiro e poderán participar todas aquelas mulleres que se atopen en situación de desemprego ou que teñan solicitada a mellora de emprego, co fin de aumentar as súas capacidades e incrementar a empregabilidade. Como nas pasadas edi-



cións, todas as participantes recibirán gratis un ordenador portátil co que realizar o curso e tamén poñer en práctica o que aprenderon unha vez finalizado.

O programa formativo con-

templa tres bloques, de 40 horas de duración cada un deles: Competencias Dixitais Básicas, Competencias Dixitais Avanzadas e Competencias Dixitais para o Emprendemento.

O BNG do Porriño reclama novo colector pluvial

O voceiro do BNG, Pedro Pereira, reclamou a execución dun colector de pluviais para evitar desbordamentos no centro urbano. O Pleno da Corporación Municipal aprobou unha moción do BNG para reclamar ante a Xunta recursos para acometer esta infraestrutura, toda vez o goberno de Alfonso Rueda rexeitou unha emenda aos orzamentos autonómicos.

Pereira informou que a zona centro do Porriño conta cunha

rede unitaria, sen separación de augas residuais e pluviais, de diámetro reducido, o que provoca desbordamentos en días de moita choiva nos colectores do casco urbano. Precisou a importancia da construción dun novo colector que recolla na Avenida de Galicia as augas que proceden da Malladoura, dos colectores da autovía A52 e das rúas Coruña e Lugo para levalas directamente ao Louro, evitando así colapsar a rede do centro.

Gañadores do concurso Escaparates de Nadal



The Game Tatoo & Piercing e a súa factoría de xoguetes fíxose co primeiro premio do concurso Escaparates de Nadal no Porriño. O segundo foi para a casina de doces de 'Super-Sugar' e o terceiro para a montaxe de 'O-Exo Floristería'.

O primeiro premio está dotado de 1.200 euros, o segundo de 800 euros e o terceiro de 500 euros. Cada unha das mencións especiais premiouse con 250 euros. A votación popular foi realizada por representantes do tecido asociativo do municipio.



Rúa Ramón González, 16
O PORRIÑO



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

LOURINHA

O PORRIÑO

Espazo de dinamización empresarial no Porriño

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a petición do Concello do Porriño, a posta en marcha este mesmo ano dun Polo de Emprendemento e apoio ao Emprego no municipio. Así, O Porriño contará neste 2023 cun espazo de dinamización e captación de proxectos.

Neste centro ofreceranse, entre outros, servizos de información sobre oportunidades de emprendemento; asesoramento personalizado; espazos de traballo temporal e networking; captación de

investimento e financiamento; e orientación, asesoramento e recursos físicos. As persoas usuarias, ademais, poderán acceder a convocatorias anuais de axudas para a consolidación do seu investimento e a xeración de postos de traballo.

“É unha gran nova para O Porriño poder contar un espazo que integre todas as ferramentas que existen na actualidade para apoiar as iniciativas emprendedoras, xa que estas son clave para fortalecer a economía local”, apuntou o alcalde, Alejandro Lorenzo, “Apostar



polo emprendemento é apostar polo futuro”.

A Rede de polos da Xunta, da que xa forma parte O Porriño, aspira a converterse nunha plataforma eficaz de dinamismo laboral, ademais de contribuír a asentar a poboación e establecer sinerxias entre o rural e o urbano co obxectivo último de crear máis emprego de calidade a través de fórmulas de emprendemento que permitan fixar emprego, lograr a efectiva igualdade de xénero e modernizar o ecosistema emprendedor.

Mil rondalleiros pechan o Nadal porriñés

Preto de mil rondalleiros e rondalleiras de dez agrupacións do Porriño, Mos, Tui, Nigrán e Gondomar puxeron o broche de ouro do Nadal porriñés nun pavillón municipal con aforo completo.

Participaron a Rondalla da Asociación de Veciños Galiñeiro de Vincios (Gondomar), a Rondalla Nosa Merced de Chaín (Gondomar), a Rondalla Santiago de Parada (Nigrán), a Asociación Club Rondalla Santiaguíño de Guizán (Mos), a Rondalla Círculo Cultural e Deportivo Santa Eulalia de Mos (Mos), Rondalla



Círculo Recreativo e Cultural de Torroso (Mos), Rondalla Círculo Recreativo e Cultural de Herville (Mos), a Asociación Rondalla O Mosteiro de Pexegueiro (Tui) e

as anfitrionas, a Rondalla da Asociación Recreativa Santa Eulalia de Atios e a Asociación Cultural Musical Rondalla de Pontellas.

Augas do Louro aproba o seu Orzamentos 2023

O Comité do Consorcio de Augas do Louro arranca este ano cun novos orzamentos aprobados de maneira definitiva o pasado mes de novembro. As contas aprobadas polo Comité ascenden a 4.266.200 euros.

Dita contía procede en exclusiva da previsión de ingresos procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, e na mesma xa se ten en conta a minoración dos ingresos procedentes da aplicación da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público para baleirado de pozos negros e fosas sépticas domésticas, limpeza de acometidas, canos e desaugadoiros e traslado



de lodos.

No seu obxectivo de regular o funcionamento das institucións, o presidente do Consorcio, Alejandro Lorenzo, amosouse satisfeito por lograr a aprobación duns orzamentos da entidade por primeira vez dende o ano 2016.

Trátase dunha folla de ruta económica baseada no control do gasto público e a procura da eficiencia e a eficacia na xestión do Consorcio, o que se reflicte no compromiso coa estabilidade orzamentaria, coa sustentabilidade financeira así como coa limitación do gasto non financeiro.

A licitación o servizo de desbroce e limpeza no Porriño



O Concello do Porriño vén de sacar a licitación o contrato de desbroces, limpeza e reperfilado de beiravías de todas as parroquias do municipio. A duración do servizo a licitar é de 2 anos, prorrogable a 2 máis e conta cun orzamento total para

os 4 anos de 1. 335.446 euros.

Ata este momento, tan só o centro urbano e os polígonos residenciais de Torneiros tiñan o servizo contratado, polo que no resto do termo municipal era imposible manter as zonas rurais en bo estado.

210.000€ para contratación laboral dentro do Plan Concellos

O Concello do Porriño recibirá 210.186 euros para contratación de 21 traballadores grazas á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra das novas achegas da Liña 3 de Emprego do Plan Concellos 2023.

Estes novos recursos permitirán a contratación de persoal para

os servizos municipais de limpeza, coidado de xardíns e obras públicas, entre outros. Ademais do Porriño beneficiaríanse outros dez Concellos pontevedreses, ampliando a contratación a outros perfís como persoas guías turísticas, técnicos economistas, historiadores de Arte ou auxiliares de enfermería.

O PORRIÑO - MOS

Mos corre contra o cancro



O Concello de Mos presentou a carreira 10K, 'CorreMOS contra o CANCRO', evento deportivo solidario a realizarse o vindeiro 26 de febreiro. O recadado coas inscricións será íntegramente destinado á Asociación Española contra o Cancro.

A carreira celebrarase con saída e chegada ao Pazo de Mos. Os interesados en participar

contan coa posibilidade de decantarse pola opción de andaina ou carreira. Ás 10.15h sairá andaina cun percorrido de 5K de distancia e ás 10.30h dará comezo a carreira 10K (1ª volta 5.400m e 2ª Volta 4.600m).

Para participar é precisa inscrición previa a través da web www.cronotec.es ou en dependencias municipais, cun importe de 5€ para a andaina e a carreira 10€.

En marcha servizos de tecnoloxía 4G e 5G no Porriño

As operadoras de telefonía móbil anunciaron que nos próximos días activarán un novo nodo para a implantación no Porriño dos servizos de telefonía móbil de nova xeración, 4G e 5G, sobre as bandas de 800 e 700 MHz, respectivamente, o que permitirá aos/as porriñeses/as gozar de conexións móbiles de alta velocidade cunha mellor cobertura no interior dos edificios e maior extensión xeográfica.

Esta activación pode conlevar a apa-

rición de determinadas afectacións na recepción do sinal das canles da TDT, debido a que se utilizaban anteriormente para o servizo de televisión.

Para solventar estas incidencias, habilitouse o teléfono de atención gratuito 900 833 999, ao que poden recorrer todos os usuarios que necesiten solicitar a actuación nas súas instalacións para a solución das afectacións e, deste xeito, que poida restablecerse o servizo TDT con total normalidade.

O BNG de Mos reclama un novo instituto con FP



O BNG solicitou no pleno municipal o apoio para reclamarlle á Xunta de Galiza a construción dun novo instituto público con Formación Profesional, tomando en conta que este Concello conta con "máis de 15.000 habitantes" que lle facultan a ter dous centros de educación secundaria.

O voceiro nacionalista Gustavo Barcia cre o novo instituto debería contar, ademais, con oferta de ciclos medios e superiores de Formación Profesional

adaptados á demanda do tecido empresarial do concello. O BNG considera que, a carón do IES de Mos, o lugar idóneo para construír o novo centro de educación secundaria sería a contorna das Pozas. Con anterioridade, os nacionalistas mosenses solicitaron emendas aos orzamentos da Xunta para a creación deste segundo instituto público para Mos, pero a proposta recibiu sempre o voto en contra do PP no Parlamento Galego.

Inmersión lingüística de Mos a Canadá



Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira de Educación, Julia Loureiro, visitaron o centro educativo o CEIP Plurilingüe Pena de Francia para compartir coas mestras Lucía Álvarez González e Ángeles González Lemos, a súa experiencia en Canadá no programa de Inmersión Lingüística PIALE da Xunta de Galicia.

Lucía e Ángeles, mestras de inglés, partiron rumbo á cidade de Ottawa, en Canadá

o pasado 12 de outubro xunto con outras 45 mestras galegas para participar no programa de Inmersión Lingüística PIALE. Lucía estivo no Centennial Public School e Ángeles no Featherston Drive Public School. O PIALE é un Programa Integral de Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras da Xunta de Galicia para a mellora da competencia lingüística e a integración no ensino e cultura dun país estranxeiro.

¡PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13, Bajo, Porriño
986 331 410
633 601 257
segurosbugarin@gmail.com



Tu aseguradora de confianza en Porriño



Vísita O TRASNO



Rúa Lepanto, 10 . Ourense

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Renovada a Aula Mentor en Salceda para 2023

O concello de Salceda renovou por un ano máis o programa de formación aberta Aula Mentor dependente do Ministerio de Educación e Formación Profesional para maiores de 18 anos.

Este programa formativo aberto, coordinado dende a concellería de emprego e formación que dirixe a alcaldesa Verónica Tourón, conta dentro da súa ampla oferta cun catálogo de cursos que abranquen nos seus temarios contidos de diferentes áreas como a administración e xestión, comercio e marketing, hostalería e turismo, informática e comunicacións, instalacións e mantemento, idiomas, servizos socioculturais á comunidade e ademais agora permite configurar un "itinerario formativo" propio para cada persoa.



Algúns cursos contan coa certificación do Ministerio de Educación, con validez oficial para puntuar en procesos de oposicións oficiais do eido da educación e da sanidade.

As principais novidades para esta anualidade son que o concello de Salceda pasa a ser un centro propio, non dependente coma aula auxiliar de Vigo, e contará

con dous titores oficiais que forman parte do persoal técnico municipal.

Da mesma maneira toda a tramitación de matrículas, altas e baixas do alumnado dentro do programa se realizarán tanto na OMIX, sita na Casa da Cultura Castelao, coma na aula física do CDL do Torrón onde se realizarán os exames.

Reformas no CDL O Torrón

Alcaldesa de Salceda e Concelleira de Emprego, Verónica Tourón, inspeccionou as obras do proxecto "acondicionamento dun espazo municipal para o almacenamento selectivo de refugallo" no CDL O Torrón, que se leva a cabo a través do obradoiro "Rehabilita Salceda" que dirixe a propia rexedora.



Impermeabilización do pavillón municipal



O concelleiro de Deportes Rubén González levou ao pleno ordinario para a súa aprobación, o proxecto de Intervención para a impermeabilización da cuberta e da fachada oeste do pavillón municipal.

Este proxecto ten como finalidade realizar unha primeira intervención na cuberta para arranxar as súas infiltracións de augas e evitar así a posible aparición de goteiras que impidan o normal desenvolvemento das actividades deportivas no pavillón municipal. Se retiraran os vinte lucernarios existentes para substituílos por outros e mellorar así o illamento de toda a cuberta do pavillón.

Na segunda intervención se realizarán actuacións sobre a fachada para realizar un sistema

de revestimento SATE que enrasará toda a superficie de maneira uniforme para aplicar posteriormente un tratamento de morteiro acrílico que axudará a asegurar o illamento e impermeabilización da fachada. Na súa parte superior se instalará unha albardilla de aluminio que servirá para evitar as filtracións entre a estrutura de formigón do edificio e os paneis sandwich da cuberta.

Complementariamente se instalarán unha nova liña de vida permanente de 15 metros e unha escaleira vertical de uña de gato na fachada principal da instalación, que facilitarán o acceso para realizar as labores de mantemento. O orzamento base de licitación para a execución do proxecto é de 47.857,33€ (IVE incluído).

www.novasdоеixoatlantico.com



MUNDO ONLINE GALICIA SL
REPARACIÓN Y VENTA
TELÉFONICA E INFORMÁTICA
SERVICIO TÉCNICO
CONSOLAS Y VIDEOJUEGOS

Whatsapp: 986137005 | Facebook | Google+ | Instagram | Twitter

C/ Coruña 2 Bajo Salceda de caselas

FIBRA Y MOVIL

MÁSMÓVIL | pepephone | simyo | DIGI | O2 | Lowi | Vodafone

Peluquería mixta

Rente Nova

Rafael Tilve Adrio, 7
Salceda de Caselas
Tlf.: 986 349 290

SALCEDA DE CASELAS

Salceda estudia solicitar a declaración de “zona catastrófica”

Salceda de Caselas estuda a posibilidade de solicitar a declaración de zona catastrófica por parte da Xunta de Galicia e o Consello de Ministros ante os danos producidos pola incesante acumulación de precipitacións destes últimos días, que provocaron numerosas incidencias en todas as parroquias do municipio.

As inundacións afectaron a diferentes lugares de todo o termo municipal, producíndose derrubes, danos en vías e camiños, na rede de alumeadado público, redes de telecomunicacións, instalacións municipais, ademais de inundacións en baixos de vivendas unifamiliares e de edificios comunitarios.

Víronse afectadas especialmente as sendas polo desborda-



mento dos ríos Landres e Caselas, con numerosos danos.

A zona máis afectada foi a zona industrial de O Cerquido, que estivo anegada de auga durante toda a xornada, podendo

restablecerse o tráfico na estrada N550 a primeira hora da mañá de hoxe. Numerosas empresas resultaron afectadas mirándose, algunhas delas, obrigadas a paralizar a súa actividade.

Néstor Frías, Campión Galego de Ciclocrós

O Concello de Salceda expresou os seus parabéns ao salcedense Néstor Frías por proclamarse Campión Galego de Ciclocrós o pasado fin de semana na categoría cadete masculino.

Frías foi recentemente fichado polo Club Ciclista Maceda. Seguirá competindo coa Selección Galega no Campionato de España que se celebra este 14 e 15 de xaneiro en Vic (Barcelona).



Club Balonmán Caselas, subcampión español feminino



O deporte salcedense está de noraboa. O Concello de Salceda recoñeceu a actuación da xogadora Celia Pérez e do adestrador Ricardo Rodríguez

pola súa participación no Club Balonmán Caselas, actual subcampión de España na categoría cadete feminina conseguido no CESA Costra Branca 2023.

Programa "Cultiva a mente"

A Concellería de Servizos Sociais de Salceda informou do prazo de inscrición para o programa "Cultiva a mente" do 16 ó 27 de xaneiro.

Este programa engloba a pre-

vención de demencias e a promoción de hábitos saudables a niveis cognitivos e emocionais. Estarán impartidos por profesionais de AFAGA no Centro Terapéutico de San Xurxo.

Salceda retira simboloxía franquista

O Concello de Salceda procedeu á eliminación da simboloxía franquista na Fonte de Mil en Pardeirubias, e na Fonte do Barreiro, en Santa María, no marco do seu compromiso coa Lei de Memoria Democrática.

Ademais, procedeuse á limpeza da contorna, ao encintado das pezas e ao arranxo da mesa de pedra na fonte de Mil. Durante as vacacións de Nadal realizáronse tarefas de desbroce e limpeza de patios e zonas exteriores das aulas unitarias.



A BIOGRAFÍA
MÁIS COMPLETA DUN
OPTIMISTA RADICAL



www.editorialgalaxia.gal

BAIXO MIÑO

TUI

Policía Local de Tui ampliará en marzo o seu persoal

A Policía Local de Tui contará con cinco novos axentes a partir do mes de marzo, co que o número de efectivos pasará a ser de once axentes e un inspector xefe.

Nas últimas semanas o servizo viuse afectado debido á baixa laboral de tres dos seis axentes con que conta actualmente o corpo, así coma a baixa do inspector xefe que continúa nestes momentos.

Os cinco novos axentes obtiveron a praza na Oferta de Emprego Público de 2021 e tras a súa formación durante un ano na Academia Galega de Seguridade, incorporáranse ao seu



posto de traballo en Tui nas próximas semanas.

A carencia de efectivos para facer fronte ao servizo supliuse durante o ano pasado coa reali-

zación de horas extras por parte dos axentes, o que conlevou para o concello o pago de preto de 50 mil euros por este concepto.

Formación en igualdade para voluntarios de Protección Civil



O Concello de Tui dirixiu aos compoñentes da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Tui un programa de formación en igualdade e violencia de xénero e impartida por Laura Seara, avogada, exdeputada e exsecretaria de Es-

tado.

A formación seguiu co mandato da lexislación específica rexional e estatal, incluído o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, e no marco do Programa Maruxa Mallo, financiado pola Deputación de Pontevedra.

42 edición da Regata Miño Internacional

Máis de 215 deportistas participaron este 14 de xaneiro, na edición número 42 da Regata Miño Internacional no río Miño ao seu paso por Tui. A histórica proba, organizada polo Club Remo do Miño en colaboración co Concello de Tui, aumentará amais este ano a súa participación con respecto ao ano pasado.

Un total de 15 embarcacións de oito e 24 skulls pertencentes a 6 clubs portugueses e 8 españois tomarán a saída dende Currás, en Tomiño, para coroar a liña de meta ubicada na rúa Olímpicos Tudenses. No marco deste evento tivo lugar o no-




meamento do Centro Municipal de Remo en homenaxe a José Luis Méndez, figura clave do remo en Tui.

No acto de presentación desta proba deportiva na Casa do Concello compareceron o concelleiro

de Deportes, Rafael Estévez, o director técnico da Federación Galega de Remo, Juan Zunzunegui, o presidente do Club Remo do Miño, Manuel Ángel González, e o vicepresidente do club, Luís Moroño.

Tui presenta libro sobre xogos tradicionais galegos



A Biblioteca Municipal acolleu o 13 de xaneiro a presentación do libro "Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida", elaborado durante o confinamento polo Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego.

A publicación, editada pola Deputación Provincial de Lugo,

recompila un total de 63 xogos tradicionais, ademais dunha guía de figuras de papiroflexia e outra para deseñar enredos e xoguetes feitos con tapóns de cortiza. O libro conta coas ilustracións de Iván Mouronte, autor dos deseños que acompañan a descrición dos xogos.





Adegavella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfnos. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Concello Regulador Denominación de Orixe





Establecemento seguro
Certificado desinfección

www.saneacontrol.com

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

TUI

'Zonas verdes' interactivas en Tui

No marco dos programas "Commerce Inside" e "Da túa man" da Deputación de Pontevedra, o Concello de Tui presentou as novas áreas de descanso interactivas coa participación da concelleira de Comercio, Ana María Núñez, e o deputado provincial Santos Héctor.

A iniciativa trátase de tótems alimentados con enerxía solar con zonas de descanso, recarga para móbiles, iluminación led e información comercial e turística. Haberá tres puntos na cidade nas rúas Ourense, Compostela e Lugo. Ten como obxectivo favorecer e apoiar ao comercio local e minorista, especialmente mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canais curtos de comercialización, o "Commerce Inside", dirixido a Concellos tu-



rísticos, dentro da transición dixital en curso.

Estes proxectos están financiados ao 70% con fondos Next GenerationEU e cun 30% pola

Deputación e os 20 Concellos beneficiados, entre eles Tui.

Baiona, Nigrán y Tui cuentan con zonas de descanso inteligentes

40.000 turistas visitaron Tui en 2022

A Oficina Municipal de Turismo do Concello de Tui atendeu, durante 2022, presencialmente a 39.998 visitantes, dos que 26.913 eran turistas e 10.368 peregrinos. Destacou o mes de agosto como o de maior afluencia de todo o ano con 8.885 visitantes atendidos.

Do desglose dos datos podemos comprobar como dos 29.613 turistas atendidos, 27.250 eran de procedencia española e 2.363 estranxeiros. Os turistas españois chegaron principalmente de Madrid, Barcelona, Sevilla e a propia provincia de Pontevedra. Pola súa



banda, os turistas estranxeiros procedían principalmente de Portugal, Italia, Alemaña, Francia e Reino Unido. No que atinxe aos

peregrinos, un total de 3.450 eran de procedencia estranxeira, destacando Portugal, Alemaña, Italia e Estados Unidos

Guías oficiais RASGO da Red de Juderías

A concelleira de Cultura de Tui, Sonsoles Vicente, fixo entrega de dúas novas acreditacións como Guías Oficiais da Red de Juderías de España – Caminos de Sefarad a Hugo Lage e Conchi Cruz.

Os dous novos guías están avalados por esta rede da que a cidade forma parte dende 2019 co obxectivo de promover e divulgar o patrimonio cultural vinculado á presenza de comunidades xudías e cripto-xudías. Con estas novas acreditacións, Tui suma xa seis profesionais



culturais que están acreditados por esta institución ao abeiro do programa RASGO, acrónimo de Restaurantes, Alojamientos, Señalización, Guías turísticos e Oferta cultural.

Calendario 2023 da Eurocidade Tui-Valença

Un ano máis e baixo o lema 'A Eurocidade Tui-Valença non se sente, vívese!', a Eurocidade Tui-Valença edita o seu calendario ilustrado con diferentes lugares das dúas cidades pintados polo artista portugués Antonio Nunes. Recóllense os principais

monumentos e lugares emblemáticos das cidades para este calendario do 2023.

Editáronse 400 exemplares para distribución exclusivamente na Biblioteca Municipal de Tui a cambio dun quilo de alimentos non perecedeiros por exemplar.

Programa Integrado de Empleo 2022-2023

O Concello de Tui presentou o Programa Integrado de Empleo 2022/2023, dirixido a mulleres desempregadas, maiores de 45 anos ou menores de 30, e que

perciba algunha prestación.

Para maior información, Centro de Formación de Guillarei, en Alvelos 1, 36720 Tui. Tamén, contactando co teléfono 664 55 24 93 ou no correo emrego@tui.gal.

PINTURAS BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

JJ Copas

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

Facebook icon: JJ COPAS PONTEAREAS

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

Síguenos

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Proxecto de sostibilidade turística na Guarda recibe un millón de euros

O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e o Concelleiro de Turismo, Rafa Álvarez, participaron en Santiago de Compostela na presentación dos diferentes proxectos de modernización dos destinos turísticos de Galicia impulsados polo Goberno do Estado e que suman investimentos por valor de 85.7 millóns de euros, dos cales A Guarda recibirá 1 millón de euros para o seu Plan de Sostibilidade Turística en Destino.

O proxecto destinado é o PSTD "A Guarda". O plan inclúe actuacións relacionadas coa mellora



da xestión do uso público do espazo natural do Monte de Santa Tegra implantando medidas que regulen o acceso nun espazo da alta presión en número de visi-

tantes (fomento da mobilidade sostible), así como de protección e rexeneración do ecosistema dunar da praia do Muíño.

Graves danos polas choivas na Guarda

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, recibiu a visita da Subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba, e do Xefe de Costas de Pontevedra e co Xefe Territorial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, Miguel García, para avaliar as escorrentías no litoral do esteiro provocadas polas fortes choivas no Baixo Miño.

As choivas provocaron inundacións de fincas e viarios, derrubos e arrastre de materiais que nalgúns zonas produciron erosións moi destrutivas. A incidencia máis grave foi o colapso da pista entre a Armona e o Codesal, totalmente cortada por unha fenda transversal que ocupa unha su-



perficie que supera os 300 m² cunha profundidade de máis de 3 m e con aproximadamente 12 m de na súa parte máis ancha. Esta

fenda provocou, a rotura do colector principal da EDAR da Guarda e dificulta o acceso a dúas vivendas que se atopan a súa veira.

O SAT Baixo Miño atende a 88 familias da comarca

Cofinanciado a través de axudas do Fondo Social Europeo e da Xunta de Galicia, o Servizo de Atención Temperá (SAT) da Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño segue crescendo de forma paulatina dende a súa posta en marcha a finais de 2020. Tras a ampliación do servizo despois dun ano en funcionamento de-

bido á alta demanda, a unidade está a atender actualmente a 88 familias da comarca, familias con fillos e fillas con dificultades de desenvolvemento que poden ser tratadas sen ter que desprazarse ata Vigo.

A coordinadora da unidade, Andrea Álvarez, destaca a alta demanda que ten o servizo na comarca, que se reflicte nunha

lista de agarda que segue a crecer. Dende a posta en marcha do servizo no ano 2020 un total de 202 familias procedentes dos catro concellos integrados na Mancomunidade (A Guarda, O Rosal, Tomiño e Tui) solicitaron atención, dando unha media de 70 novas peticións por ano. Aínda que cunha demanda bastante equilibrada, o servizo de logopedia é o máis

solicitado, seguido do de psicoloxía e do de fisioterapia.

Aos nenos e nenas que cheguen á unidade derivados dende pediatría faráselles unha valoración xeral ou específica nas áreas que precisen, elaborando despois un Proxecto de Atención Especializada que se coordinará co Servizo de Atención Primaria, os centros educativos e as familias. Algúns

dos obxectivos cos que traballa a unidade son potenciar a autonomía e desenvolvemento psicomotriz de nenos e nenas ou tratar dificultades de linguaxe ou problemas de comunicación por trastornos como o TEA, a falta de audición... a través dunha terapia lúdica, activa e motivadora.

"O noso mundo, o noso futuro" na Guarda



O 10 de xaneiro tivo lugar na Casa dos Alonso a inauguración da Exposición "O noso Mundo, o noso futuro, a nosa opción", que estará ata o 26 de xaneiro, día da educación ambiental. Estarán presentes o alumnado do Colexio PP Somascos da Guarda, o alcalde Antonio Lomba e a Concelleira de Medio Ambiente,

Montserrat Magallanes.

Esta exposición está baseada no proxecto CLARITY – Acción Educativa polo Clima – que pretende contribuír ao coñecemento do fenómeno do cambio climático, as súas causas e respostas que se están proponendo para facerlle fronte. A exposición conta con 19 paneis, ademais de un vídeo curto de 15 minutos.

Enquisa transfronteiriza da AECT Río Minho

O Concello da Guarda participa na enquisa impulsada pola AECT Río Minho e enfocada no deseño das Axendas Urbanas Transfronteirizas.

O obxectivo é pensar solucións conxuntas para afrontar

os problemas cotiáns das persoas, como a vivenda, a mobilidade, a cultura e o patrimonio, a reciclaxe e a economía circular, ou a igualdade, e facer do territorio transfronteirizo do Río Miño un lugar máis inclusivo e sostible.

Novo deseño para valorizar o Camiño Portugués

O Concello da Guarda aposta por valorizar un tramo do Camiño Portugués da Costa que garda un gran potencial, deseñando unha

imaxe propia na que aparece representado noso mar, o Monte Santa Trega e, por suposto, a cunha do Camiño na súa vertente máis antiga.

A GUARDA

BNG A Guarda pide axudas ante os danos do temporal

O deputado do BNG Manuel Lourenzo Sobral acompañado polo Portavoz Municipal do BNG da Guarda, Anxo Baz, ven de anunciar a presentación dunha iniciativa no Parlamento de Galiza para que a Xunta habilite axudas para afrontar os danos provocados polo temporal.

No caso da Guarda a intensidade das choivas provocou derrubes no monte Trega, na zona do Muíño e inundacións no Codosal, danos que supoñen un perigo para a veciñanza que transita polo polo lugar.



A iniciativa presentada polos nacionalistas recolle tamén os danos que se produciron nos outros Concellos do Baixo-Miño e insta

a Xunta de Galiza a habilitar unha partida de axudas extraordinarias para afrontar os graves danos ocasionados polas choivas.

1,5 millóns€ para turismo sostible no Xeodestino Vigo e Baixo Miño

Liderado por Eu Rural e coa implicación dos 14 concellos do territorio, o Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño vén de conseguir 1,5 millóns de euros para o seu Plan de Sostibilidade Turística en Destino, 'A Despensa de Galicia', que busca transformar o modelo turístico do territorio en base ao potencial da súa enogastronomía.

Este plan conta con financiamento do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para impulsar a transformación do territorio baseándose nun produto turístico sostible a través de fondos europeos Next Generation. Aplicarase nos Concellos da Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior, To-

miño e Tui.

O PSTD contempla a posta en marcha de diferentes iniciativas centradas en catro eixos de actuación diferentes: transición verde; dixitalización do destino turístico, para enriquecer a interpretación do patrimonio material e inmaterial vinculado á enogastronomía; canalizar esforzos cara ao sector privado; e turismo industrial.

Mancomunidade do Baixo Miño fai balance dos estragos das choivas



Alcaldes e alcaldes da Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño reuníronse na Guarda para valorar os cuantiosos danos sufridos nos catro concellos (A Guarda, O Rosal, Tomiño e Tui) tralo temporal e as abundantes choivas acumuladas durante a xornada de ano novo.

A Mancomunidade solicitará a tódalas administracións unha partida orzamentaria especial dada a excepcionalidade dos danos na comarca, onde caeron case 126 litros por metro cadrado, un récord absoluto dende que se teñen rexistros históricos da estación meteorolóxica de Areas, en Tui. Os catro rexedores e rexedoras soli-

citaron xa a visita do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e do Delegado do Goberno en Galicia, José Manuel Miñones, para que comprobén in situ o elevado número de estragos provocados en diferentes puntos dos catro municipios da comarca.

A/os alcaldes/as estudarán ademais co Delegado do Goberno a posibilidade de solicitar a declaración de zona catastrófica dado os numerosos estragos acumulados. Por outro lado, a Mancomunidade pedirá información sobre a apertura dos encoros no Miño ante a posibilidade de que puideran ter agravado aínda máis os danos provocados polas fortes chuvias.



Os teus primeiros pasos do
Camiño Portugués da Costa en Galicia

BAIXO MIÑO

50.000€ para a recuperación do espazo público no Rosal

Ao abeiro da Rede Ágora, unha iniciativa da Deputación de Pontevedra, o Concello do Rosal vén de acadar unha subvención de case 50.000 euros para financiar ao 90% a redacción de cinco novos proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e ciclables.

Destacan nestes proxectos a mellora urbana en San Miguel de Tabagón; a recuperación do espazo peonil na rúa da Estrada; a mellora da calidade viaria e espacial na contorna da Pesqueira



e a recuperación do espazo peonil das rúas Jesús Noya e Travesía do Casal e a integración do Camiño da Vila Vella. A subvención

complétase co cofinanciamento da redacción do proxecto dunha senda peonil en Fornelos que una a PO-353 coa PO-354.

Axenda Urbana 2030 da Eurocidade Cerveira-Tomiño

Ata o 15 de xaneiro, a Eurocidade Cerveira-Tomiño levou a cabo unha innovadora enquisa online, co obxectivo de recoller a opinión e os intereses relacionados con problemáticas de carácter transfronteirizo, en áreas específicas como a economía circular, a mobilidade, os hábitos de con-



sumo, a igualdade e a programación cultural.

A enquisa resultará na elaboración da Axenda Urbana 2030 da Eurocidade Cerveira-Tomiño, que conta co apoio do AECT Río Miño, no ámbito da elaboración das Axendas Urbanas Transfronteirizas do Río Miño que permitirá que o espazo transfronteirizo sexa máis inclusivo, resiliente e sostible.

Oia alegará contra o parque eólico Toroña

O Concello de Oia presentará alegacións contra o parque eólico Toroña para o que xa contratou a unha empresa especializada que está a traballar na análise da documen-

tación sometida a información pública. O Concello convocou unha reunión informativa para abordar este tema ante os veciños.

Por outra banda, o Concello contratará a xornada completa

a un total de 8 persoas ao abeiro do Plan Concellos 2023 da Deputación de Pontevedra para condutor de maquinaria forestal (1 praza), albanel (2 prazas) e peón forestal (5 prazas).

PP Tomiño critica a redución da Policía Local



O Partido Popular de Tomiño criticou a decisión do goberno municipal do BNG de reducir as actividades da Policía Local que, desde este 1 de xaneiro de 2023, o persoal policial só estará activo os días laborables e en quendas de mañá.

Cualificou de "pésima" a xestión por parte da alcaldesa Sandra González e do seu goberno,

sendo a Policía Local competencia municipal. Indicou que "as baixas laborais deben cubrirse tal e como indica a lei". Alertou que a situación pode empeorar toda vez o 31 de decembro rematou o contrato vixente dos auxiliares e a lei de contratación impide volver contratar a este tipo de persoal de maneira eventual.

O Concello responde: "a redución do persoal é eventual"

Ante as denuncias do PP Tomiño, o goberno municipal liderado pola alcaldesa Sandra González (BNG) considerou que "non hai motivo de alerta" ante a redución de efectivos da Policía Local no municipio xa que esta situación "deriva do feito de que dous dos axentes asignados ao servizo en Tomiño solicitaron traslado a outra localidade, e non a ningunha baixa".

Informou que o Concello de Tomiño "convocou hai agora máis dun ano dúas prazas para a policía local. Os axentes seleccionados entón están rematando actual-

mente o seu período de formación regulamentaria, e incorporaranse ao Servizo activo en Tomiño en poucas semanas". Ademais destas novas e inminentes incorporacións, levarase a cabo unha nova selección para dous axentes adicionais no 2023, que se incorporarán ao rematar o período correspondente de selección e formación na Academia Galega de Seguridade, dependente da Xunta de Galicia. En relación aos auxiliares de policía, o goberno municipal aclara que a nova Lei de Emprego impide, polo momento, a súa contratación con seguridade xurídica.



Plan formativo de emprego en Baiona

O Alcalde de Baiona, Carlos Gómez Prado, e o Concelleiro de Emprego, Óscar Carreño Miniño, inauguraron no multiusos Ángel Bedriñana o Curso de Competencias Clave Nivel 2 en lingua castelá, matemáticas e lingua galega, no que participan un total de 15 persoas desempregadas.

O curso ten unha duración de 265 horas lectivas e impartirase ata o 24 de marzo de 2022. Ao finalizar as sesións os participantes recibirán a titulación acreditativa das competencias clave



nivel 2, mellorando deste xeito a súa cualificación profesional e beneficiándose dos programas municipais de inserción laboral.

Rehabilitación patrimonial no Val Miñor

O departamento de Patrimonio da Deputación de Pontevedra vai repartir 380.792,89 euros en axudas para proxectos de rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico cultural en toda a provincia.

En total financiaranse 53 actuacións de posta en valor da riqueza patrimonial en concellos de todas as comarcas mediante a súa recuperación e mellora. Destacan os casos da Bateria J3, o lavadouro dos soldados e a fonde da Mina de Auga de Monteferro en Nigrán e a reforma do antigo matadoiro en Gondo-



mar. En Baiona sinalizarase a fortaleza de Monte Real e a capela de Santa Marta e en Oia a Ruta Máxica. En Oia preténdese sinalizar varias zonas de interese

da Ruta Máxica do concello, un itinerario arqueolóxico no que destacan os petróglifos de Pousadela de Pedornes, Outeiro da Cheira e Pedra Lan.

PP Baiona: o alcalde "desmantela a Policía Local"

O Partido Popular de Baiona acusou ao alcalde Carlos Gómez (PSdeG-PSOE) de "desmantelar a Policía Local", que en só tres anos, "viu reducida o seu persoal nun 30%. Actualmente, o departamento conta con 9 axentes, cando en 2019 eran 13".

Os populares baionenses consideran que o alcalde "non se preocupa por ocupar as prazas que quedan vacantes" despois

de que os axentes trasládense en comisión de servizo a traballar a outros municipios.

En setembro pasado, o propio xefe da Policía Local de Baiona emitiu un informe negativo á Alcaldía pedindo que non se deixase ir ao axente se non había outra persoa que cubrixe o seu posto. Con todo, isto nunca se produciu e o alcalde permitiu esta saída sen ser substituído por outro axente.

Carreira "Los Gemelos Race" en Oia



O próximo 30 de abril disputarase entre Loureza e Figueiró (Tomiño), a carreira de obstáculos de Los Gemelos Race para a cal xa están abertas as inscricións en Track The Race. O prazo de inscrición péchase o próximo 17 de abril.

A carreira é unha mestura de trail-running e carreira de obstáculos, desenvólvese no seu maior parte por unha contorna natural, onde case non se pisa asfalto. Conta con dous tipos de modalidades: elite e popular.



A Cañiza e Cuntis ampliarán o parque industrial da Zona Franca



Ante o elevado nivel de ocupación do chan empresarial-industrial do Consorcio da Zona Franca de Vigo, chegando ao 100% na maioría, o seu Delegado do Estado, David Regades, anunciou a procura de posibles parques industriais como o de A Ran en Cuntis, cunhas 64 hectáreas, así como na Cañiza, con preto de 96 hectáreas, que serán anunciados a oferta durante 2023.

Regades informou da escasea de espazos de arrendamento no polígono industrial de Balaídos, na área de Bouzas e no Porto do Molle. Por outra banda, en Vigo está en marcha a tramitación da

ampliación do PTL, que será a maior área comercial e de lecer da contorna con 25 hectáreas. No polígono da Granxa no Porriño se continua coa oferta de arrendamento de oficinas, locais e naves no Centro de Servizos e no Centro de Iniciativas Empresariais, existindo actualmente unha elevada ocupación.

Entre os grandes proxectos en marcha informou da planta de hidróxeno e de instalación solar fotovoltaica en Bouzas e o centro de produción de semicondutores fotónicos SPARC, no que Zona Franca participa como socio fundador, a través de VigoActivo. Prevese iniciar as obras no segundo semestre de 2023.

Un "histórico" 2022 para os Castelos de Sobroso e Soutomaio

Para a Deputación de Pontevedra, o 2022 foi un "ano histórico" para os Castelos de Soutomaio e Sobroso que conseguiron unha excepcional cifra de visitantes nunca alcanzada antes.

O Castelo de Soutomaio recibiu 37.800 visitantes, aos que hai que engadir as miles de persoas que visitaron os seus xardíns, declarados de Excelencia Internacional en Camelia. No caso do Castelo de Sobroso, a cifra de visitantes chegou nestes meses ás case 8.000 visitas. Des-

tacaron tamén os programas de visitas caracterizadas e teatralizadas que a Deputación levan a cabo desde 2016 e actividades culturais enmarcadas no programa "Con-Fiando Cultura".

Por outra banda, a Deputación de Pontevedra vén de aprobar a liquidación pola venda da uva da finca do Castelo de Soutomaio, que vai proporcionar á institución provincial uns ingresos de preto de 47.000 euros (46.355€). Na vendima deste ano recolléronse un total de 18.651 quilos de uva, a mellor colleita desde 2015.

Prazas de emprego público para a Zona Franca

AZona Franca de Vigo convocou probas selectivas para sete prazas da súa oferta de emprego público de persoal laboral fixo.

A maioría son prazas para persoal técnico de xestión xeral, catro prazas, para o que é necesaria titulación de diplomatura universitaria, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou Grao ARROLAS 2. Tamén sae a concurso unha

praza para a xefatura da unidade comercial, cunha titulación mínima de ARROLAS 3 en área económica/empresarial. Outra das prazas é para unha persoa de asesoría xurídica. A titulación mínima é ARROLAS 3 en Dereito e a misión do posto velar pola legalidade formal e prestar asesoramento en materia das actuacións do Consorcio. Corresponde á OEP 2020.

PSdeG e Zona Franca piden "blindar" a Stellantis en Vigo

Durante unha visita ao Delegado da Zona Franca en Vigo, David Regades, o secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, emprazou á Xunta a "facer os seus deberes" e

que traballe da man do goberno do Estado para blindar a presenza de Stellantis en Vigo da man do vehículo eléctrico.

Formoso amosouse "convencido" da asignación da plataforma do

vehículo eléctrico para as instalacións de Vigo e despexar así un futuro estable para a planta de Stellantis. Contrapuxo a pasividade da Xunta coa actitude proactiva de Castela e León, Aragón ou Na-

varra para garantir a continuidade das marcas no seu territorio.

Urxiu ao Executivo autonómico a "que acelere" diante das difíciles previsións económicas e que active liñas de axuda para impulsar os

sectores produtivos fundamentais para Galicia. Criticou o desleixo do goberno galego cando esta Comunidade Autónoma ten a peor previsión de crecemento económico de España en 2023.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns